



## **R renova o seu acordo de colaboración co equipo Celta Integra**

- ***O convenio revalida a colaboración entre operador e club e subscribe de novo o apoio de R ao Celta Integra para contribuír á mellora constante e á adaptación social do equipo e dos seus integrantes, do colectivo D.I. (con discapacidade intelectual).***
- ***O director da Fundación Celta e máis o director de R renovaron o acordo na Sede da entidade deportiva, acompañados por unha representación do equipo vigués.***

**Xoves, 29 de febreiro de 2024** .- O operador galego **R** e a Fundación Celta de Vigo escenificaron a renovación do acordo no Salón Rexio da Sede do Celta, nun encontro encabezado polo director da Fundación olívica, Germán Arteta, o director de **R**, Alfredo Ramos, e Sergio Álvarez, conselleiro do club e ex porteiro do primeiro equipo, xunto a xogadores e corpo técnico do conxunto.

Deste xeito, **R** volve colaborar oficialmente co Celta Integra, que xoga en *LaLiga Genuine*, competición de equipos formados por persoas do colectivo D.I (con discapacidade intelectual) e organizada por *LaLiga*.

Alfredo Ramos asegurou que para **R** “*esta colaboración supón a contribución cunha sociedade máis xusta e solidaria. Apoiar o equipo Celta Integra dános máis do que lle ofrecemos, e permítenos expresar ano tras ano a nosa aposta compartida polo deporte, a integración social, a competencia sa e os bos hábitos de vida*”.

Germán Arteta quixo expresar, en nome da Fundación e do equipo, o seu “*máis sincero agradecemento a R pola súa continua colaboración e xeneroso apoio. A vosa contribución e compromiso -afirmou- foi fundamental para amplificar a visibilidade do noso equipo e para crear novas sinerxias que nos axudan a avanzar promovendo a inclusión e o desenvolvemento dos nosos xogadores (...) Esperamos seguir contando co voso valioso respaldo no futuro, mentres continuamos a nosa viaxe cara á igualdade de oportunidades e á celebración da diversidade no deporte. Unha vez máis, grazas por crer na nosa causa e por serdes parte fundamental do noso equipo*”.

Sergio Álvarez tamén lle mostrou o seu agradecemento a **R** e pediulle que seguise crendo na iniciativa: *“O soño deste grupo é xogar ao fútbol, e hai que darlles a oportunidade de facelo onde eles queren, no Celta. Grazas por axudarnos a que este proxecto siga sendo importante, non só pola parte deportiva, senón especialmente polo gran labor que fai o Fundación Celta Integra para a inclusión destes mozos e mozas na sociedade. Espero que esteades moitos máis anos connosco contribuindo a cumprir os seus soños”*.

## **Novas tecnoloxías tamén para o Celta Integra**

Froito do novo convenio e para fomentar unha **educación o máis integral e inclusiva posible**, o operador galego e a entidade olívica prevén pór en marcha un **obradoiro didáctico sobre seguridade dixital** (ou sobre algún outro tema relacionado coas novas tecnoloxías) dirixido aos integrantes do equipo Celta Integra.

Ademais, como colaborador do conxunto ata o final da presente tempada 2023-24 de *LaLiga Genuine* o logo de **R** estará presente no equipamento deportivo dos xogadores e do corpo técnico, e figurará igualmente na **web do equipo**.

En definitiva, o acordo referenda ese interese común da Fundación Celta e de **R** por procurar a mellora constante, crecemento e adaptación social do conxunto e das persoas que o conforman. Así mesmo, o operador galego dálle percorrido, acompañando o Celta Integra, á súa inquietude pola **colaboración social para contribuír á mellora de vida** dos/as habitantes de Galicia a todos os niveis.

## **Seis tempadas de xogo limpo e deportividade con *LaLiga Genuine***

O proxecto de *LaLiga Genuine*, que vincula fútbol e integración social, comezou a súa andaina da man de *LaLiga* hai seis tempadas. Para que prime a deportividade na competición, onde participan conxuntos do colectivo D.I. (persoas con discapacidade intelectual), os clubs contan con **puntos que premian o xogo limpo**, ademais da puntuación polos resultados deportivos. O campionato xógase na modalidade de Fútbol 8 (partidos de 4 partes de 10 minutos cada unha) e a tempada divídese en 4 fases, que se desenvolven en diferentes sedes.

### **Sobre o Celta Integra**

*O proxecto do equipo nace coa idea de lles achegar a persoas con discapacidade intelectual as escolas da Fundación Celta como ferramenta de desenvolvemento, adaptación e integración, fomentando rutinas e hábitos de vida saudables a través da práctica do deporte. O obxectivo principal é non ser só un equipo de fútbol, senón conseguir un avance individual a nivel social e persoal, ser máis responsables e independentes.*

### **Sobre R**

**R** é o operador de telecomunicacións líder de Galicia, que ofrece servizos de Internet, telefonía fixa, telefonía móbil, banda larga e televisión dixital; e, para empresas, solucións IoT (Internet das cousas), tecnoloxía de Smart Cities e Industria 4.0. **R**, marca recoñecida pertencente ao Grupo MASMOMIL, con forte implicación local e líder en fibra óptica e servizos converxentes de telecomunicacións, é a opción preferida nos fogares e empresas de Galicia onde ten presenza coa súa rede de fibra óptica. (**R.gal**).